

# Descubriendo o vocabulario de substrato celta en Galicia

JAMES DURAN/SÉAMAS Ó DIREÁIN\*

## Sumario

A través dun coidadoso exame de vocábulos procedentes das linguas gaélicas vivas e dos dialectos do galego moderno, podemos descubrir unha boa parte do vocabulario básico da lingua celta falada en Galicia, como mínimo, ata o comezo da era cristiá. O estudo de nomes de lugar en áreas de fala gaélica tamén axuda a darlles significado a moitos topónimos galegos que non se poden atribuír facilmente a unha forma orixinal latina.

## Abstract

By careful examination of vocabulary items drawn from the living Gaelic languages and from the dialects of modern Galician, we can discover much of the basic vocabulary of the Celtic language spoken in Galicia down to the early Christian era. A study of place-names in Gaelic-speaking areas also helps give meaning to many Galician toponyms whose forms cannot be easily derived from an original Latin form.

## CONTIDO

### Antecedentes

- As Conexións Prehistóricas entre Galicia e Irlanda 36
- Contacto Continuado no último milenio anterior á era cristiá 38

### I

- Onde procuramos vocabulario de substrato? 41
- Recursos léxicos 43
- O contexto indoeuropeo máis amplo 44
- Explorando o mundo gaélico en detalle 45

### II

- Comezando a exploración do léxico do galego moderno e das linguas gaélicas modernas 46
- Tres exemplos de palabras do vocabulario:
  - (1) a palabra galega *croa* 47
  - (2) a palabra galega *broa* 49
  - (3) a palabra galega *croia* 50

### III

- Buscando topónimos: Nomes de Lugar en California 52
- Topónimos en áreas colonizadas hai tempo e en áreas demográficas estables 53
- Toponimia na Península Ibérica 54
  - O topónimo galego *Sarón* 54
  - O topónimo galego *Autares* 55
  - O topónimo galego *Moruxo* 57
  - O elemento toponímico galego *-uxe* 58

### IV

- Guiando a exploración: desenvolvendo unha teoría e unha Metodoloxía 60
- A importancia da evidencia das Linguas Vivas 61

### Referencias

- Fontes electrónicas de información** 65

\* James Duran/Séamas Ó Direáin, Ph.D. Acadamh na hOllscolaíochta Gaeilge. National University of Ireland, Galway.

### **Antecedentes: as conexións prehistóricas entre Galicia e Irlanda**

Nun artigo publicado no tomo do *Anuario Brigantino* do ano 2014<sup>1</sup>, usei datos lingüísticos, xenéticos e arqueolóxicos para relacionar os pobos gaélicofalantes de Irlanda, Escocia e a Illa de Man cos pobos da costa occidental da Península Ibérica, máis especificamente cos pobos de Galicia en tempos prerromanos.

Nese artigo, unha gran parte da investigación estaba baseada na obra de eruditos internacionais pertencentes a diversas disciplinas, todos relacionados coa idea da «Celticización desde o Oeste».<sup>2</sup> Esta idea rexeita o concepto do espallamento das linguas e culturas celtas desde o centro de Europa a través dos Pireneos durante o comezo da Idade do Ferro a favor dunha teoría que ve o xerme da lingua e da cultura celtas espallándose desde o Mediterráneo oriental (moi probablemente desde o oeste da Península Balcánica, a partir o período máis temperán da Idade de Bronce) ou mesmo antes.

Este espallamento lingüístico cara ó oeste considérase motivado pola busca de metais por artesáns especializados nas novas tecnoloxías metalúrxicas. Comunidades de pobos cuxos descendentes foron posteriormente identificados polos autores clásicos como pobos celtas vense agora como procedentes do Mediterráneo oriental por vía marítima, asentándose en gran medida na costa occidental da Península Ibérica e espallándose cara ó interior co paso do tempo.

Segundo esta teoría, estes pobos avanzaron moi rapidamente cara ó norte ó longo da costa occidental de Europa, ata a Bretaña francesa, polo menos, e desde alí ata Gran Bretaña e Irlanda, continuando as súas prospeccións en busca de metais. Con todo, unha vez que as rutas marítimas foron coñecidas e establecidas, é moi probable que estes pobos navegasen directamente desde o noroeste da Península Ibérica tanto a Irlanda como a Gran Bretaña.

En 2800 a.C., a tecnoloxía de fundición e traballo dos metais estaba estendida pola metade sur da Península Ibérica, e en 2400 a.C., xa chegara a Ross Island, na costa suroeste de Irlanda, onde os depósitos de cobre da rexión, xunto co estaño do veciño Cornualles, formaron a base dunha revolución tecnolóxica que subministrou bronce de alto contido en estaño á Europa Atlántica durante os cinco séculos seguintes.

Na miña investigación, centreime no material lingüístico que apoia a moi arraigada tradición irlandesa que mantén que os xefes supremos gaélicofalantes chegaron desde a Península Ibérica –de Galicia concretamente– e asentáronse en Irlanda en 2000 a.C aproximadamente. A mesma tradición mantén tamén que os gaeles chegaron á Península Ibérica procedentes da Península Balcánica, ou de zonas circundantes do Mediterráneo oriental, nunha época anterior. Á luz da nova evidencia, o que moitos eruditos viran noutrora como unha fantasía tomaba agora o aspecto dunha antiga realidade histórica reflectida na memoria popular de xeracións posteriores.

Ó analizar este material lingüístico, puxen a énfase principal nas interesantes semellanzas entre o paradigma xeral do sistema verbal nas linguas ibero-romances e os verbos regulares do gaélico irlandés moderno, en particular, na relación entre a formación das formas condicionais do verbo a partir dunha fusión da raíz da forma futura do verbo coas terminacións do pasado habitual en ámbolos dous grupos de linguas.

<sup>1</sup> «Conexións lingüísticas entre as Illas Británicas e a Península Ibérica: Unha perspectiva nova para unha pregunta vella», *Anuario Brigantino*, 37, 2014, pp. 53-91.

<sup>2</sup> Cf. Cunliffe e Koch (2012), e Koch e Cunliffe (2013).

Despois, centreime da dicotomía fundamental entre os verbos *ser* e *estar* nas linguas ibero-romances e do seu equivalente nas linguas gaélicas, nas que, por exemplo, as formas do verbo *estar* están representadas pola forma *tá* e as formas do verbo *ser* están representadas pola forma *is*.

As funcións sintácticas dos grupos de formas tamén son sorprendentemente paralelas nas linguas ibero-romances e nas linguas gaélicas. E, emporiso, non houbo contacto histórico entre os dous grupos de linguas, e a distinción *ser/estar* non existe fóra das linguas ibero-romances ou das linguas gaélicas. Non existe en galés nin en francés, por exemplo.

Ademais, no tocante ó propio verbo *estar*, as semellanzas entre o gaélico irlandés e a lingua galega son particularmente próximas, tanto nas súas formas morfolóxicas como no seu uso sintáctico. Sobre todo, as formas fonéticas das formas conxugadas do presente do verbo en gaélico irlandés antigo son impresionantemente similares ás formas do mesmo verbo na lingua galega actual. Por exemplo, *atáu* ~ *ató* en gaélico irlandés antigo vs. *estou* en galego; *atá* vs. *está*; *ataam* vs. *estamos*; *ataaid* vs. *estades*, etcétera. En canto a última parella mencionada, fixémonos nas súas formas reducidas: *-taaid* en gaélico irlandés antigo vs. *táides* en galego.<sup>3</sup>

Argumentei que unas semellanzas tan asombrosas non se podían atribuír á casualidade nin a préstamos de formas dunha lingua á outra. A miña explicación foi que unha distinción gramatical e máis un grupo enteiro de formas que ilustraban esa distinción foran tomadas dunha lingua local moi semellante ó gaélico irlandés antigo e incorporadas á forma local do latín vulgar que se ía espallando de vagar entre a poboación celta da rexión. Un proceso semellante estaba tendo lugar entre a poboación celtibérica doutras rexións da Península Ibérica, dando como resultado unha diferenza gramatical exclusiva da península – e das zonas gaélicofalantes.

A marcada semellanza entre as formas do gaélico irlandés antigo e as formas galegas apuntan a un gran parecido entre a lingua gaélica falada na Irlanda medieval, digamos do 600 ó 800 d.C., e a lingua celta falada en Galicia no mesmo período de tempo, aproximadamente, ou un pouco antes, cando o latín vulgar se foi consolidando entre a poboación rural – sen substituír a lingua anterior necesariamente.

De feito, no hai razóns para pensar que o latín vulgar local substituíse rapidamente a lingua celta anterior. Puido ocorrer un longo período de bilingüismo, coa lingua celta local dominante nas zonas rurais e unha forma local de latín vulgar botando raíces lentamente nos pequenos pero crecentes centros urbanos. Sen ningunha gran intrusión doutros grupos étnicos e sen amplos cambios demográficos doutro tipo, a Galicia rural puido ter un período de bilingüismo relativamente estable sorprendentemente longo.<sup>4</sup>

Un período tan longo de bilingüismo daríalle unha grande oportunidade á continuidade dos topónimos celtas locais e á absorción dunha ampla variedade do léxico celta no latín

---

<sup>3</sup> Cf. Thurneysen (1946/1993) p. 477.

<sup>4</sup> De feito, mesmo países que sufriron tantas «invasións» como Gran Bretaña mostran unha notable estabilidade na composición xenética das súas poboacións. Por exemplo, malia as invasións romana, anglosaxona, viquinga e normanda de Gran Bretaña e os considerables cambios lingüísticos e culturais que ocorreron como resultado, a poboación de Gran Bretaña aínda se considera predominantemente «celta» na súa composición xenética. Isto suxire que cambiar os grupos gobernantes dunha poboación non significa necesariamente un cambio no carácter básico da súa masa poboacional. En países sen unha historia parecida de intrusións estranxeiras é razoable asumir unha continuidade lingüística e cultural considerable. Cf. Oppenheimer (2007) e Sykes (2006).

vulgar local, aínda que a súa forma fonética puidese verse alterada co paso do tempo, asumindo formas máis características do latín vulgar local mentres evolucionaba na dirección da lingua galega.

Unha vez que a lingua celta local deixou de ser unha lingua viva, os topónimos e o léxico estarían suxeitos á súa reinterpretación como termos romances, xa que os falantes locais da lingua galega en evolución non terían un claro sentido do significado orixinal dos vocábulos celtas absorbidos na lingua romance.

En Irlanda, por exemplo, o topónimo gaélico *Cloch na Rón* («A Pedra das Focas») foi reinterpretado como «Roundstone» (Pedraredonda) por falantes ingleses que pouco ou nada falaban en gaélico irlandés debido á semellanza do substantivo *rón* («foca») co adxectivo inglés *round* («redondo»). Unha vez que morre a lingua tradicional dunha rexión, os seus topónimos quedan suxeitos a todo tipo de distorsións de son e de significado, e Galicia non é unha excepción.

Pero se a lingua da Irlanda e da Escocia gaélicas e maila de Galicia aínda eran bastante semellantes contra o 500 d.C., é posible que teñamos sorte para identificar algúns dos topónimos celtas orixinais e parte do vocabulario da lingua galega viva na actualidade.

Polo contrario, se os galegos que saíron cara a Ross Island contra o 2400 a.C. non mirasen nunca para atrás nin se molestasen en manter o contacto con Galicia, os topónimos celtas de Galicia e o léxico celta incorporado na lingua galega poderían ser hoxe case irrecoñecibles. Ó fin e ó cabo, no momento no que a lingua galega, aparentemente, substituíu a lingua celta local durante o período medieval en Galicia, terían pasado xa uns 3.000 anos de separación. Iso implicaría un gran grao de diferenciación lingüística ó longo do tempo entre a lingua celta que levaron a Irlanda os primeiros viaxeiros galegos e a súa lingua irmá aquí, en Galicia.

### **Contacto continuado no último milenio anterior á era cristiá**

Pero a tradición irlandesa insiste en que o contacto entre Irlanda e Galicia se mantivo durante os longos séculos de separación, e que ámbolos dous pobos continuaron falando a mesma lingua.<sup>5</sup> Se isto fose verdade, suxeriría que as formas da lingua celta en Galicia contra o 500 d.C. e as do gaélico irlandés antigo serían moi semellantes, e que unha boa parte dese material máis antigo aínda sería recoñecible nas linguas gaélicas vivas na actualidade en Irlanda, Escocia e a Illa de Man, así como nos topónimos e vocábulos de orixe celta en Galicia.

De feito, a arqueoloxía atesta a verdade desa tradición de contacto continuado. Por exemplo, na illa de Inis Mór (Árainn) nas Illas de Arán, na Baía de Galway, atopouse un grande alixo de armas hai uns anos. As armas databan da era de Cristo e eran do tipo atopado na Península Ibérica. Similarmente, as fortificacións exteriores do gran castro das Idades de Bronce e de Ferro que se chama Dún Aonghusa, na mesma illa, conteñen ringleiras de pedras colocadas para formar *chevaux de frise*, unha técnica de defensa rara en Irlanda pero característica da Península Ibérica.

Dito doutro xeito, malia o cambio de atención á zona mediterránea coa chegada dos comerciantes fenicios contra o 800 a.C.<sup>6</sup>, parece que os galegos e mailos seus veciños mantiveron o contacto con Irlanda ata a conquista romana da Península Ibérica.

<sup>5</sup> Cf. Keating, *Foras Feasa ar Éirinn*, Part XIX.

<sup>6</sup> Cf. Cunliffe (2001), pp. 297-302.

Falando dos fenicios, outro indicio de que tanto os celtas gaélicofalantes de Irlanda como os seus veciños britónicos en Gran Bretaña estaban en contacto coa Península Ibérica durante o último milenio anterior á conquista romana da península provén do campo da lingüística e esa evidencia apunta directamente ós fenicios.

Tanto o gaélico irlandés como o galés teñen notables características gramaticais que son exclusivas de ámbalas dúas illas e que se atopan nas linguas semíticas do Mediterráneo oriental. As rutas marítimas serían as evidentes rutas de entrada desas innovadoras características nas linguas das poboacións de Gran Bretaña e de Irlanda, que as conectaban cos comerciantes fenicios do sur que se dedicaban ó comercio de metais.

Xa que o asentamento dos fenicios na costa meridional da península desde o século IX a.C. en adiante tivo un papel prominente no desenvolvemento do comercio dos metais ó longo de toda a costa occidental da península, é moi probable que o bilingüismo social que debeu caracterizar as amplas e duradeiras relacións comerciais entre as comunidades fenicias e celtas tivese un profundo efecto na lingua franca celta en desenvolvemento nas rutas comerciais marítimas.

Como demostra a boa relación que tiñan os pobos celtas cos cartaxineses durante as guerras cartaxinesas con Roma, só a destrución do Imperio Cartaxinés por Roma e a subseguinte conquista romana da Península Ibérica poderían cortar unha relación tan boa.

No meu artigo na edición de 2014 do *Anuario Brigantino*, mencionei unha característica lingüística que se dá tanto nas linguas celtas como nas linguas semíticas: as chamadas «preposicións conxugadas». Como expliquei no artigo, as «preposicións conxugadas» son paradigmas para preposicións individuais nas que ocorren formas fusionadas ou contractas de preposicións e pronomes. Por exemplo, as formas contractas *dom* (= *do-m*, «para min») e *dóibh* (= *dó-ibh*, «para eles»), moi semellantes ás formas contractas dos obxectos directo e indirecto en galego, forman parte do paradigma para a preposición *do*.

Despois, centreime na preposición *le* en gaélico irlandés, demostrando que ten unha forma, un significado e unha función sintáctica moi semellantes ós da preposición *le/la* en hebreo e en arábico. (Por certo, o hebreo bíblico estaba intimamente emparentado á lingua fenicia.)

Pero hai outras dúas características notables que suxiren unha forte influencia das linguas semíticas. A primeira característica é que tanto as linguas gaélicas como as linguas britónicas insulares (aínda que non o bretón) teñen unha estrutura VSO obrigatoria, que significa que o verbo vai en primeiro lugar na oración, seguido polo suxeito e despois polo obxecto directo da oración – se hai obxecto directo. Esta peculiaridade tamén é característica das linguas semíticas.

En textos de moitas linguas do mundo pode ocorrer frecuentemente unha oración coa estrutura VSO como unha variante estilística de oracións cunha estrutura SVO. En castelán, por exemplo, pódese dicir facilmente, «Habló mi padre entonces» por «Entonces mi padre habló». Pero en irlandés e en galés, igual que en arábico ou en hebreo, o verbo debe preceder o suxeito da oración sen excepción.

Aínda que en galo<sup>7</sup> atopamos oracións cunha estrutura VSO, non está claro que esa orde de palabras fose obrigatoria, pero nas linguas celtas insulares, a orde VSO é obrigatoria. Por que é tan rixida a estrutura VSO da oración? Unha explicación pode ser a influencia lingüística do adstrato procedente de feniciofalantes na costa occidental da

---

<sup>7</sup> Cf. Isaac (2007), p. 49.

Península Ibérica – falantes cos que os celtas insulares manterían un comercio marítimo durante medio milenio como mínimo.

Como mencionei no meu artigo anterior, é probable que as persoas que participaban nese comercio fosen falantes bilingües dunha lingua celta local e máis fenicio ou, se non, probablemente falasen unha lingua franca que mostraría as características tanto das linguas celtas como das semíticas. Lembremos que a relación entre celtas e fenicios era boa e perdurou durante séculos.

A segunda característica lingüística é unha estrutura peculiar que atopamos en frases nominais definidas nas que un substantivo definido é modificado por outro substantivo definido. Nestas frases, o artigo definido do primeiro substantivo non aparece nunca e soamente aparece o artigo definido do segundo substantivo. En gaélico irlandés, por exemplo, *teach an mhúinteora* significa «a casa do mestre», pero o primeiro substantivo, aínda sendo un substantivo definido, non pode tomar nunca un artigo definido, de xeito que a frase *\*an teach an mhúinteora* é gramaticalmente incorrecta. Exactamente o mesmo sería certo no seu equivalente en galés – ou en árabe ou en hebreo bíblico.

Non hai explicación ningunha sobre por que un substantivo definido do núcleo sintáctico dunha frase nominal dese tipo non pode ser modificado por un artigo definido.<sup>8</sup> Pero a regra é obrigatoria tanto nas linguas celtas insulares como nas linguas semíticas. Un volve sospeitar da influencia dos socios comerciais fenicios.

Entón, esta evidencia lingüística apoia a tese de que continuaron existindo fortes vencellos entre os celtas de Irlanda e Gran Bretaña e os pobos da Península Ibérica, polo menos ata a conquista romana da península. Como observamos anteriormente, as formas encontradas no paradigma do presente do verbo *estar* en galego moderno e o seu equivalente en gaélico irlandés antigo indican que eses contactos deberon ser fortes e duradeiros.

O asentamento de refuxiados celtas en «Britonia», no norte de Galicia e de Asturias no século VI d.C., igual có dos córnico-falantes no oeste de Armórica nunha data aproximada, é outra proba de que estes contactos perduraron despois do colapso do Imperio Romano.<sup>9</sup> Como no caso dos asentamentos escandinavos nas zonas anglosaxonas do leste de Gran Bretaña durante o período viquingo, os colonos – amigables ou hostís – adoitan asentarse en áreas nas que a poboación local fala unha lingua semellante á que teñen de seu.

Onde non a falan, como no caso dos colonos escandinavos en Irlanda durante o mesmo período<sup>10</sup>, as comunidades de colonos adoitan ser tratadas como intrusos pola poboación local e, conseguintemente, son acurralados pola poboación circundante en enclaves reducidos. Posteriormente, se chegan a un acordo coa poboación circundante, ós intrusos pódeseles permitir que funcionen como comerciantes co mundo exterior e finalmente serán absorbidos pola poboación local. Así e todo, se os colonos non chegan a un acordo coa poboación local, poden ser exterminados ou escravizados.

<sup>8</sup> O desenvolvemento do artigo definido nas linguas indoeuropeas é un desenvolvemento tardío que ocorreu despois da conquista romana do occidente de Europa, e soamente ocorre nas linguas indoeuropeas do litoral atlántico. O desenvolvemento do artigo definido nas linguas romances occidentais, nas linguas xermánicas e nas linguas celtas ó longo de toda a costa atlántica é un fenómeno complexo que precisa unha boa explicación. Así e todo, as linguas eslávicas e as linguas bálticas da Europa oriental aínda non desenvolveron artigos definidos e continúan seguindo o vello modelo indoeuropeo.

<sup>9</sup> Cf. pp. 87-90 en Alberro e Jordán Cólera (2008).

<sup>10</sup> Cf. Byrne (2005).

Resumindo, os refuxiados celtas que fuxían da presión da invasión anglosaxona de Gran Bretaña normalmente fuxían a zonas onde se falaban linguas celtas e onde serían ben recibidos como parentes étnicos. É de supoñer que as mesmas consideracións serían aplicables no caso dos refuxiados celtas que chegaron a Galicia e a Asturias no mesmo período aproximadamente. Así, non nos sorprende atopar un bispo cun bo nome irlandés (Mailoc/Maeloc) representando o episcopado galego de «Britonia» no Segundo Concilio de Braga no ano 572 .C.

## I

### Onde procuramos vocabulario de substrato?

Así, a resultas de toda a exposición precedente, existen boas razóns para sospeitar que hai unha boa cantidade de material lingüístico celta subxacente nos topónimos galegos e no vocabulario básico da lingua galega. De ser así, como o atopamos e onde buscamos? Comecemos polo vocabulario da lingua galega.

Podemos comezar a procura en zonas rurais tranquilas e, máis especificamente, nos predios desas zonas, xa que a vida adoita cambiar de vagar nas zonas rurais e nelas dáse unha importante continuidade cultural. Adoítamos referirnos ás cousas polos nomes que estamos afeitos a empregar e moitos apeiros agrícolas cambiaron pouco co paso dos séculos. Mesmo cando falamos unha lingua nova, podemos seguir empregando os nomes de vello.

Pasei un verán entre a xente do México rural, nunha vila pequena ó pé do Monte Malinche (*Malintzin*) chamada San Pablo Zitlaltepec. Alí, a xeración máis vella, especialmente as avoas, aínda falaban a lingua azteca — nahuatl. Aínda que é probable que a xente da vila falase castelán, en parte polo menos, desde o século XVI<sup>11</sup> e a xeración máis nova falase castelán decote, a lingua indíxena non morrera. Ó referirse á «herba», mesmo as xeracións máis novas falaban de *sacate* e non de *hierba*. Por que? Porque sempre falaran dela como *sacate*.

A palabra era simplemente unha adaptación da palabra nahuatl *sacatl* ó sistema sonoro da lingua castelá. Era a palabra que aínda empregaban as súas avoas ó falar nahuatl, e todos sabían o que significaba. Parecía que a palabra estivera alí desde que crecía a herba, e non había motivo para substituír a palabra nativa por unha palabra castelá, nin sequera ó falar castelán. Ó mellor, algún día substituirían a palabra *sacate* polo termo castelán *hierba* – pero aínda non.

Tamén usamos nomes vellos para cousas que non están presentes na nova lingua. Por exemplo, naquela comunidade tamén había outra palabra de uso constante — *séncal*. Esta palabra tamén era un vocábulo nahuatl adaptado ó sistema sonoro do castelán — *séncalli* «casa de maíno» – empregada para describir un pequeno hórreo de madeira para gardar o maíno. Tiña unha función semellante á dos *hórreos* galegos, pero cunha forma lixeiramente distinta. Neste caso, a palabra *séncal* empregábase para describir un obxecto inexistente en España pero que era tradicional na súa rexión e, polo tanto, a palabra probablemente existiría na lingua castelá local mentres existise o obxecto.

---

<sup>11</sup> Os seus devanceiros Tlaxcaltecs marcharan con Hernán Cortés para conquistar a capital do Imperio Azteca, polo que estarían expostos á influencia cultural castelá desde o comezo da conquista de México.



De maneira semellante, as palabras *tomate*, *chocolate* e *coyote* entraron na lingua castelán procedentes do nahuatl, pero ninguén intentou substituír estes termos por unha palabra castelá porque en Europa non existira nada parecido a eses artigos e, conseguintemente, ningunha lingua europea tiña termos nativos para eles. Estas palabras nahuatl pasaron do castelán a outras linguas do mundo. Volveremos examinar estas palabras posteriormente.

Así, podemos comezar a nosa busca de vocabulario celta examinando as estruturas, as ferramentas, as actividades e os animais domésticos da granxa. E despois, alén de granxas e predios, temos o amplo mundo da natureza para explorar. Podemos estar seguros de que tódolos termos que usamos para describir mesmo as cousas máis pequenas da natureza proceden do latín? Non pasarían a través da rede algúns termos, polo menos, dos empregados polos nosos devanceiros celtas permanecendo como parte do noso vocabulario habitual incluso ó falar a nova lingua?

En gaélico irlandés, por exemplo, hai unha palabra empregada para describir o espazo entre os dedos — *ladhar* [láyar]. Este é o tipo de palabra que pasaría a través da peneira da nova lingua e permanecería oculta no seu vocabulario. Os falantes tenderían a usar a palabra vella por hábito, pero tamén porque posiblemente descoñecesen o termo correspondente na nova lingua.

Debemos lembrar que cando o latín se espallaba polos territorios acabados de conquistar, a lingua non tiña o beneficio da radio, da televisión, dos xornais, nin o dun sistema de educación en masa para expandirse. Na maioría dos casos, ós novos gobernantes non lles importaba que lingua falaba a xente, sempre que pagasen os impostos. Así que cando se espallou o latín, espallouse desde os mercados e as feiras — non dos lugares de aprendizaxe. E mentres se espallaba, facíao de vagar, imperfectamente, desde os centros urbanos ás zonas rurais máis distantes. Ese espallamento tardaría séculos en completarse.

Henriette Walter, no seu magnífico libro *Le Français dans Tous Les Sens*<sup>12</sup>, sinala que o latín falado pola poboación da Galia romana non foi nunca o latín clásico. Era o latín que falaban os soldados romanos procedentes de todo o Imperio Romano – soldados cuxa lingua nativa probablemente non fose o latín, e esa lingua contiña unha boa cantidade de xerga soldadesca, como *testa* (*tête* en francés) «testo de arxila», empregado na Galia en lugar da palabra normal para «cabeza». Se un soldado romano casaba cunha feirante da Galia e tiñan fillos, podemos estar seguros de que o latín que falasen os nenos xamais sería o latín de Cicerón!

Eses soldados, cuxo vocabulario latino podía ser un pouco limitado, non podían aportar termos latinos suficientes para substituír todo o vocabulario nativo para as pequenas cousas da vida cotiá. Deste xeito, os termos nativos para estas cousas poderían permanecer ocultos na forma local de latín, disfrazados co paso do tempo con formas fonéticas características das palabras da nova lingua. Despois duns séculos, sería difícil diferenciar as palabras nativas do resto do vocabulario do latín local. Volvendo ós exemplos mencionados anteriormente, a palabra *coyote* chegaría a parecer tan natural no castelán como a palabra *bigote* e ninguén supoñería que a súa predecesora era a palabra nahuatl *cóyotl*.

<sup>12</sup> Cf. Walter (1988).



## Recursos léxicos

Por iso pode resultar frutífero uliscar nas zonas rurais de Galicia. Pero como empezamos? Que recursos temos para axudarnos na nosa procura? A verdade é que hai unha enorme cantidade de material léxico dispoñible en diversos dicionarios que nos aportarán unha vista detallada do vocabulario da lingua galega moderna por un lado e do abundante vocabulario do gaélico irlandés e gaélico escocés modernos por outro lado.

De feito, incluso temos un amplísimo dicionario de gaélico irlandés antigo en liña que segue a lingua na súa continuación e desenvolvemento durante o período do gaélico irlandés medio. Este material, do período do gaélico irlandés antigo en adiante, será crucial para a nosa busca, xa que, como dixeran, a documentación do gaélico irlandés antigo comeza xusto na época na que en Galicia a lingua celta vella comeza a recuar ante o galego.

Xa que parece que a lingua celta local de Galicia e o gaélico irlandés antigo foron moi parecidos e xa que tamén parece que falantes de ámbalas dúas linguas mantiveron o contacto ata un período histórico indeterminado, o material de gaélico irlandés antigo debería darnos unha boa idea da forma fonética do léxico celta en Galicia que entón estaba sendo absorbido pola lingua galega en desenvolvemento aquí, en Galicia.

Estes son algúns dos recursos léxicos dispoñibles:

Para a **lingua galega**, podemos comezar por *RILG (Recursos Integrados da Lingua Galega)*, unha páxina web que nos ofrece unha ampla selección de material léxico en galego.<sup>13</sup> Tamén podemos ir á páxina web do *Diccionario da Real Academia Galega*. A lista de *RILG* inclúe un *Diccionario de Dicionarios do Galego Medieval e Aquén, Banco de Datos de Toponimia Galega*. Esta última obra de referencia vainos resultar interesante durante esta exposición.

Para o **gaélico irlandés antigo**, temos o magnífico *Electronic Dictionary of the Irish Language (eDIL)*. Por desgraza, buscar unha palabra en gaélico irlandés antigo introducindo o seu equivalente en gaélico irlandés moderno non produce unha forma equivalente e fiable en gaélico irlandés antigo. Por exemplo, ó introducir *cleith* «vara, estaca» en gaélico irlandés moderno, non produce *cleth* en gaélico irlandés antigo. Así que para aqueles que estean familiarizados co gaélico irlandés moderno, será necesario o *Innéacs Nua-Ghaeilge don Dictionary of the Irish Language* do Prof. Tomás de Bhaldraithe para ligar palabras do vocabulario de gaélico irlandés moderno cos seus equivalentes en gaélico irlandés antigo. Desgraciadamente, o *Innéacs Nua-Ghaeilge* non está en liña, pero é barato e pódese mercar facilmente.

Para o **gaélico irlandés moderno**, temos o recurso en liña *Teanglann: Irish Dictionary and Language Library*, unha inestimable páxina web que proporciona acceso a diversos recursos impresos de importancia. Por exemplo, *Foclóir Gaeilge-Béarla* (editado por Niall Ó Dónaill) é un dicionario que proporciona acepcións moi completas de palabras irlandesas en inglés, con moitos exemplos do uso da palabra en frases e oracións.

---

<sup>13</sup> Ó final deste artigo, despois da lista de referencias, dáse unha lista de páxinas web en liña.

No seu listado dos moitos significados dunha palabra irlandesa, o lector pode seguir facilmente o desenvolvemento semántico dunha palabra desde o seu significado principal ata os significados máis abstractos ou metafóricos. É o mellor dicionario que vin en calquera lingua e será inestimable para calquera que faga unha comparación detallada entre palabras do vocabulario da lingua galega e dos vocabularios das linguas gaélicas.

Polo contrario, o *English-Irish Dictionary* (editado polo Prof. Tomás de Bhaldraithe), aínda que xa ten medio século de vida, segue sendo inestimable para o lector que investigue os equivalentes dunha palabra inglesa en gaélico irlandés moderno. Aquí, o lector de inglés encontrará palabras do vocabulario de gaélico irlandés moderno para explorar no *Foclóir Gaeilge-Béarla*. Este recurso tamén está dispoñible na páxina web de *Teanglann*.

No caso de que o lector non estea seguro da pronunciación dunha palabra do vocabulario en gaélico irlandés moderno, pode premer a icona etiquetada «Pronunciation» na páxina do dicionario seleccionado na páxina web de *Teanglann* ou ir directamente á base de datos de pronunciación irlandesa. Entón, poderá oír a palabra pronunciada como se oe en cada unha das tres zonas dialectais principais de Irlanda.

Para o gaélico escocés, temos o *Illustrated Gaelic-English Dictionary* de Edward Dwelly. O dicionario de Dwelly publicouse por vez primeira hai 100 anos, pero o dicionario impreso segue sendo unha ferramenta moi útil. Hai unha versión en liña deste dicionario, pero eu prefiro *Am Faclair Beag*, o recurso en liña que inclúe material do dicionario de Dwelly nunha columna paralela na mesma páxina web. Outro bo dicionario é *A Pronouncing and Etymological Dictionary of the Gaelic Language: Gaelic-English/English-Gaelic* de Malcolm MacLennan.

### O contexto indoeuropeo máis amplo

Outro recurso excelente para o gaélico escocés é *An Etymological Dictionary of the Gaelic Language* de Alexander MacBain. Esta obra de referencia tamén foi publicada hai máis de cen anos, pero segue sendo inestimable para ver como está relacionada unha palabra gaélico-escocesa a unha ampla variedade de formas cognadas, tanto na familia das linguas celtas como na familia máis extensa das linguas indoeuropeas. Este recurso tamén está dispoñible en liña.

Falando da extensa familia de linguas indoeuropeas, a clásica obra de referencia de Carl Darling Buck, *A Dictionary of Selected Synonyms in the Principal Indo-European Languages*, é indispensable para calquera que desexe entender como están relacionadas semanticamente palabras celtas que expresan certos conceptos individuais con palabras que expresan conceptos semellantes ó longo de toda a variedade de linguas indoeuropeas.

Nela podemos observar o desenvolvemento etimolóxico de palabras modernas a partir de formas indoeuropeas máis antigas dentro da familia de linguas indoeuropeas. Por outra parte, podemos observar como certos grupos de palabras de forma fonética semellante se agrupan en certas áreas xeográficas e son características de certas subfamilias de linguas indoeuropeas. Estas formas, compartidas por subfamilias adxacentes de linguas indoeuropeas, poden ser o resultado da herdanza común dunha lingua ancestral ou poden ser simplemente o resultado de préstamos lingüísticos entre veciños.

En canto a investigación do mundo rural galego, o dicionario comparativo de Buck é especialmente útil debido a que as palabras investigadas están agrupadas nun gran número de dominios semánticos relacionados que abranguen as áreas que queremos investigar

exactamente: relacións familiares, animais domésticos e salvaxes, partes do corpo, alimentos e bebidas, ferramentas e utensilios do fogar, vivendas e os mobles que hai nelas, actividades agrícolas, cultivos e vexetación silvestre, etcétera. Se non temos nin idea sobre por onde comezar a buscar nunha granxa galega, o dicionario de Buck daranos unha idea excelente sobre por onde comezar a procura.

Aínda que o dicionario de Buck non está dispoñible en liña, é barato e pódese mercar facilmente.

### **Explorando o mundo gaélico en detalle**

Finalmente, xa que volvemos estar centrados na granxa galega, podemos recorrer a unha obra de referencia de grande importancia para o noso traballo: *Early Irish Farming* de Fergus Kelly. Trátase dun libro de máis de 750 páxinas dedicadas a unha discusión detallada da agricultura irlandesa na Alta Idade Media «baseada principalmente en textos legais dos séculos VII e VIII d.C.». Nel atoparemos precisamente os termos usados en gaélico irlandés antigo para describir todo tipo de actividades agrícolas. Ademais, moitos dos capítulos duplican os campos semánticos abranguidos no dicionario de Buck para todo o grupo de linguas indoeuropeas.

Este libro complementa a obra de referencia básica de Kelly: *A Guide to Early Irish Law*, que trata sobre as relacións entre persoas na sociedade irlandesa temperá. Xa que a as leis irlandesas nunca estiveron baseadas nas leis romanas, eran unha herdanza directa os devanceiros indoeuropeos dos gaeles, segundo foron modificadas ó longo do tempo na sociedade gaélica. Foron transmitidas polos xuíces tradicionais entre os gaeles, coñecidos como os *breithiúna* («Brehons»), quen, xunto cos poetas, os historiadores tradicionais, os xenealoxistas e as autoridades con coñecementos sobre toponimia (*dinnseanchas*) formaban os *aos dána*, as clases educadas da sociedade gaélica. Esta forma de lei (brehon) practicouse en toda a sociedade gaélica de Irlanda e de Escocia ata o século XVI, cando este sistema de leis, xunto coas clases educadas que o transmitían, foi destruído polos administradores británicos.

A importancia deste conxunto de leis é que describe en detalle unha forma de sociedade celta que era moi semellante na súa organización social ós grupos que personificaban a cultura castrexa na Galicia prerromana. Lembremos que en Galicia a cultura castrexa, na súa forma física e na súa distribución espacial, era moi distinta á das culturas doutras rexións da Península Ibérica pero bastante similar á do seu equivalente cultural en Irlanda<sup>14</sup>. Aínda hoxe, o clima de Galicia e unha boa parte da súa xeografía física lémbra-nos moito a Irlanda.

E aquí, nas antigas leis irlandesas, temos a terminoloxía exacta para describir un mundo social moi semellante ó que debeu existir en Galicia en tempos prerromanos. Cos devanditos recursos léxicos, podemos seguir estes termos gaélico-irlandeses antigos tanto nas súas formas en gaélico irlandés antigo como nas súas formas modernas nas diferentes linguas gaélicas. Xa estamos preparados para comezar a explorar a Galicia rural. E podemos facer a pregunta unha vez máis: Como comezamos?

---

<sup>14</sup> Cf. especialmente pp. 338-345 en Cunliffe (2001) e pp. 94-109 en Alberro e Jordán Cólera (2008).

## II

**Comezando a exploración do léxico do galego moderno e das linguas gaélicas modernas**

A maneira máis sinxela de empezar é escoller unha interesante palabra galega descrita como «de orixe descoñecida» e ver se a podemos relacionar cunha palabra dunha lingua gaélica moderna que teña unha forma fonética semellante e un significado similar. Isto sería descrito como un «parecido superficial», pero así é como comezan tódalas comparanzas de posibles formas cognadas. Nunha etapa posterior, podemos recorrer a potentes técnicas de análise lingüístico para acometer a proposta relación xenética, pero esta primeira fase de recollida de datos é o comezo de toda investigación de lingüística comparativa.

Moitas persoas poden pensar que canto máis vellos sexan os datos lingüísticos examinados, mellor. Poden preferir inscricións de hai 2.000 ou 3.000 anos, porque a súa antigüidade situaría o material lingüístico moito máis próximo ó da lingua ancestral común ás dúas linguas examinadas, e as características xenéticas compartidas polas dúas linguas fillas serían moito máis claras.

Por exemplo, se quixésemos comparar a rama grega indoeuropea coa rama itálica, probablemente escolleríamos comparar o grego clásico co latín clásico en lugar de comparar o grego moderno co portugués falado en Brasil. E iso ten moito sentido, pero non é todo o conto.

O problema das inscricións antigas é que adoitan ser poucas e moi breves, mal conservadas debido ás condicións climáticas ó longo do tempo, indescifrables, só parcialmente descifrables ou de interpretación cuestionable mesmo cando se supón que foron descifradas, etcétera. Esta é a situación de case tódalas inscricións celtas prerromanas, aínda que algunhas son moi útiles.

Os textos longos teñen un gran valor cando poden ser descifrados, xa que poden conter unha enorme cantidade de material lingüístico. Ademais, adoitan ser conservados por sacerdotes, escribas ou un grupo de eruditos especializados que poden explicar detalles da pronunciación e do significado da antiga lingua escrita. Existen tales especialistas en sánscrito, hebreo e arábico clásico, por exemplo.

Esta é a razón pola que a masa de textos escritos en gaélico irlandés antigo e medio teñen tanto valor; incluso no século XIX había escribas locais involucrados no copiado de textos antigos, e posuían unha enorme cantidade de coñecemento especializado. Unha gran parte do detalle dos textos antigos pode ser explicada.

A ortografía do gaélico irlandés antigo era un pouco diferente á da lingua a partir do século XII, pero non hai problema ningún na interpretación dos seus sons. Aínda se pode oír case todo o vocabulario de gaélico irlandés antigo nas súas formas dialectais nos dialectos gaélicos vivos de Irlanda e Escocia.

E isto tráenos ás linguas vivas. Podemos esperar unha relación próxima entre as formas fonéticas do vocabulario do gaélico irlandés antigo e as formas fonéticas de palabras pertencentes ó vocabulario dos dialectos vivos? En moitos casos, a relación é moi próxima, de xeito que un falante de gaélico irlandés antigo entendería moitas palabras individuais do vocabulario se as oíse. Así e todo, a gramática dos dialectos vivos sería moito máis simple cá gramática do gaélico irlandés antigo tal como o escribían os escribas, pero neste caso non nos preocupa a gramática da lingua.

E por iso podemos escoller unha palabra dunha lingua gaélica moderna, comprobar a súa forma en gaélico irlandés antigo e comparala despois á palabra galega que estamos



*Maqueta do Castro Monte das Croas, Cedeira.*

investigando. Nese caso, é probable que o mellor sexa comezar cunha palabra do vocabulario do magnífico *Foclóir Gaeilge-Béarla* e despois, empregando o índice de gaélico irlandés moderno a gaélico irlandés antigo (*Innéacs Nua-Ghaeilge don Dictionary of the Irish Language*), mirar o seu equivalente en gaélico irlandés antigo no *Electronic Dictionary of the Irish Language* (eDIL).

### **Tres exemplos de palabras do vocabulario: (1) a palabra galega *croa***

Con todo, escollamos en primeiro lugar unha palabra galega de orixe incerta ou descoñecida que designe algo do mundo rural para logo seguir o rastro no mundo gaélico para ver a onde pode levarnos. A palabra galega *croa*, que designa o cumo redondeado dun outeiro ou dun castro, un penedo que sobresaie nun cumio, unha parcela circular de boa terra de cultivo, ou mesmo lugares nos barrancos dos outeiros onde se poida gardar o gando<sup>15</sup>, parece tentadora.

Xeralmente, a palabra *croa* vese como unha forma abreviada da palabra galega *coroa*, derivada da palabra latina *corona*, coa elisión normal do [n] (e.g., galego *boa* < latín *bona*). Así e todo, os significados da palabra *coroa*, son máis limitados cós da palabra *croa*. Os dous significados principais parecen designar unha coroa de flores ou unha diadema de metal empregada como adorno persoal, ou a tonsura dun monxe (crego). Hai poucas referencias ós aspectos topográficos ou agrícolas do significado tan característico da palabra *croa*.

---

<sup>15</sup> Cf. Sarmiento (1746-1770), «[grova][grava][crôa]».



Claro que pode considerarse que a tonsura dun monxe parece unha ringleira circular de pedras no cumio dun outeiro empregada para pechar un campo ou para gardar o gando nas montañas. A imaxe recórdanos claramente un mundo celta antigo no que gardar o gando nos outeiros tiña unha enorme importancia, e os castros fortificados serían a única maneira de gardar o gando nun mundo turbulento.

Examinemos agora o mundo gaélico e o seu vocabulario. No dicionario de gaélico irlandés moderno, *Foclóir Gaeilge-Béarla*, atopamos unha coincidencia inmediata para a palabra galega *croa*: a palabra gaélica *cró*. Igual cá palabra galega *croa*, a palabra gaélica *cró* ten unha ampla variedade de significados. O significado básico é unha estrutura circular que pode ser tan pequena como o ollo dunha agulla ou o encaixe da asta dunha lanza. Pero pode ser máis grande, como o círculo defensivo formado polos guerreiros nunha batalla (*cró catha*) ou a pista dun circo ou, metaforicamente, podería abranger incluso toda Irlanda — *Cró Choinn*, o curro de Conn.

No último exemplo, chegamos a un significado que solapa o da palabra galega *croa*: a palabra gaélica *cró* tamén pode designar un curro ou unha croa na que se gardan animais domésticos. En tempos pasados, nas rexións gaélicas, ese curro sería unha estrutura circular de muros de pedra nunha zona aberta, preferiblemente no cumio dun outeiro, lonxe de pantanos e marismas, na que se puidese gardar e protexer o gando e outros animais domésticos.

Parece agora que a palabra galega *croa* podería ser o eco dun mundo celta galego no que o gando se gardaba decote nos cumios dos montes e no que o gando podía levarse ó castro para custodialo en épocas de guerra. Así, en Galicia *cró* identificaríase con cumios e con castros incluso despois de cambiar a lingua celta local no latín local.

De tódolos xeitos, no mundo gaélico de Irlanda e de Escocia empregaríase unha terminoloxía máis precisa. Un /unha *cró* sería un curral para calquera animal doméstico, pero en referencia ó equivalente a un castro nun cumio – como os castros que cobren os cumios de grandes zonas de Irlanda e de Escocia, a palabra normal para un castro circular sería *dún* ou *ráth*, e o grande espazo circular do interior chamaríase *lios*. É no *lios* onde normalmente viviría a parentela do xefe local, e aí é onde se gardaría o gando en épocas de guerra.

A palabra *dún* designa un recinto pero tamén designa un lugar de refuxio. A palabra *ráth* denota un terraplén ou muro de terra, pero na lingua máis vella hai un homónimo que denota unha garantía ou seguridade, transmitindo unha vez máis o concepto de seguridade. Malia a terminoloxía gaélica máis específica para designar un castro, o concepto básico subxacente no castro tanto nas zonas gaélicas como en Galicia é que é un/unha *cró* defensivo/a para os habitantes do castro e mailos seus animais domésticos.

Así, ó tratarmos coa palabra galega *croa*, podémola derivar simplemente dunha palabra latina que designa unha coroa ou a tonsura dun monxe, ou podemos contemplar a posibilidade de que derive dunha palabra celta local, absorbida na lingua latina local, que conserva unha boa parte da variedade de significados da palabra gaélica *cró* e que incluso conserva a súa forma fonética.

Isto non quere dicir que as palabras *croa* e *cró* non estean relacionadas coa palabra latina *corona*; significa simplemente que poden ser formas cognadas da palabra latina que sufriron cambios sonoros idénticos partindo dunha forma protocelta anterior – se cadra idéntica á palabra latina *corona*.

Coa perda da vogal da primeira sílaba e a elisión do [n] da forma ancestral \**korona*, a forma gaélica *cró*<sup>16</sup> e a palabra galega *croa* serían o resultado dos cambios sonoros que tiveron lugar orixinariamente na lingua celta local e foron conservados polos gaeles despois de marchar de Galicia. Como resultado, tanto a palabra gaélica *cró* como a palabra galega *croa* serían virtualmente idénticas entre elas pero tamén identicamente distintas da palabra latina *corona*.

Decidamos o que decidamos crer sobre a palabra galega *croa*, podemos estar seguros de que a palabra gaélica *cró* non foi tomada como préstamo dos romanos!

## (2) A palabra galega *broa*

Pasemos agora a unha palabra galega cunha forma fonética semellante, a palabra *broa*. Úsase para designar un bolo circular e grande de pan feito tradicionalmente de centeo, o cereal máis usado na Galicia medieval<sup>17</sup>. Considerábase parte da dieta das clases máis pobres de Galicia. Polo tanto, ten tódalas características dun alimento moi tradicional.

Observemos que a forma castelá desta palabra é *borona*, e que, como no caso da palabra *croa*, parece que a forma máis temperá podería ser a forma \**borona*, da que posteriormente derivaría *broa* a través da elisión do [n] e da perda da vogal da primeira sílaba, producindo unha forma disilábica a partir dunha forma trisilábica. Tamén existe a variante galega *brona*, na que a forma trisilábica se reduce a unha forma disilábica, pero na que o [n] non é elidido.

De tódolos xeitos, se buscamos *bró* no dicionario de gaélico irlandés moderno *Foclóir Gaeilge-Béarla*, levaremos outra sorpresa. En gaélico irlandés moderno a palabra *bró* non significa «bolo de pan grande e redondo»; o seu significado principal é «muíño de man» ou «pedra de muíño», a pedra empregada para moer o gran que se usa para facer o pan. Pero se examinamos os muíños de man prehistóricos atopados nos castros de Galicia, vemos que todos estes muíños de man teñen exactamente o mesmo tamaño e a mesma forma cá *broa* que tradicionalmente se come en Galicia. Polo que parece que, hai moito tempo, cando un galego quería mercar unha *broa* enteira, o que desexaba era mercar un «muíño de man», e non un anaco pequeno.

Pero sigamos explorando os significados da palabra gaélica *bró*. O segundo significado que encontramos é «masa densa» de algo – de persoas, de ferro, de peixe, de algas, mesmo de sangue callado. É doado ver a conexión do sentido derivado do primeiro significado, xa que un muíño de man produce unha masa densa de fariña – e iso é xustamente o que temos na palabra galega *broa*!

Pero agardemos – hai máis. Sobre unha persoa chea de comida, en gaélico irlandés se diría «*Tá sé ina bhró*» (literalmente, «Converteuse nun muíño de man/nunha masa densa»), e a unha «persoa robusta, corpulenta» chámana un *bró*. Se volvemos ó galego, observamos que a palabra *broeiro* se usa para designar «un home que come moita *broa* ou un home groso e de figura ordinaria». Incluso hai un verbo reflexivo, *abroarse*, para describir unha persoa que adquiriu a figura dun *broeiro* por comer en exceso.

---

<sup>16</sup> Presumiblemente, habería un alongamento compensatorio da vogal da segunda sílaba debido á perda do [n] e da vogal da sílaba final.

<sup>17</sup> Nos dous últimos séculos, usouse fariña de mainzo como ingrediente principal en lugar de centeo ou doutros cereais.



E o conto vólvese máis interesante. En galego, tamén temos a palabra *broada*, co sufixo romance *-ada*<sup>18</sup>, para designar a masa grande, cha e redonda de excremento que deixa unha vaca. Coincidentemente, en gaélico irlandés antigo, temos a frase *sgaoileadh bronn*, «frouxidade de ventre», ou evacuación intestinal, na que *bronn*, a forma do xenitivo de *brú*, «ventre, entrañas, madre, matriz»<sup>19</sup>, un substantivo diferente, é moi próxima, foneticamente, a *brón*, a forma do xenitivo de *bró*, «muiño de man, masa densa» en gaélico irlandés antigo. É posible que se solapasen os significados das dúas distintas formas *brú* e *bró* en frases como *sgaoileadh bronn* tanto en gaélico irlandés como na lingua celta que se falaba en Galicia, pero iso sería pura especulación.

Unha vez máis, como no caso de *croa/coroa/corona* e a palabra gaélica *cró*, parece que temos unha forma base trisilábica (*\*borona*) que foi reducida a unha forma disilábica (*broa/brona*) en galego e unha forma monosilábica (*bró*) en gaélico irlandés. En canto a raíz *bro-*, tanto a variante galega *broa* como a forma gaélico-irlandesa *bró* sufriron cambios sonoros idénticos. Observemos tamén a forma do xenitivo de *bró* en gaélico irlandés antigo — *brón*, que parece conservar unha forma anterior *\*boron/borona*.

Resumindo, ademais da evolución paralela dos sons das palabras *broa* (etcétera), e *bró* tanto en Galicia como en Irlanda, temos un abundante conxunto de significados asociados que relacionan as formas galegas e gaélicas de maneira que sería moi difícil atribuílos á pura casualidade. Unha vez máis, debemos contemplar a clara posibilidade dun substrato celta para o galego que reflicte directamente o devanceiro das linguas gaélicas en Irlanda e en Escocia.

E empeza a parecer que os cambios fonéticos sufridos por certas palabras tanto en galego como en gaélico pode diferenciar esas palabras do vocabulario celta herdado polo castelán a partir da lingua celtibérica máis conservadora.<sup>20</sup>

### (3) A palabra galega *croia*

Sigamos procurando palabras do vocabulario de substrato celta na granxa galega, tendo presente que é nas cousas pequenas que atopamos en lugares estraños onde máis a miúdo encontraremos o vocabulario de substrato. Se collemos unha froita dunha árbore na horta e empezamos a comela, observaremos que a froita ten unha pedra no centro. En galego, esa pedra chámase *croia*.<sup>21</sup>

En gaélico irlandés moderno, esa pedra chámase *croí*: *croí toraidh* «o corazón da froita». Nesta frase, o significado é equivalente ó da palabra galega *croia*, e a pronuncia é semellante, aínda que en gaélico irlandés o ditongo galego é substituído por unha vogal longa: [kri:] en lugar de [kroy-]. Así, parece que temos unha interesante parella.

Así e todo, o problema está en que o significado básico da palabra gaélico-irlandesa *croí* é «corazón», e non un tipo de pedra. A palabra *croí* é un cognado da palabra latina *cor*, da que deriva a palabra galega *corazón*. É unha pista falsa a correspondencia entre a palabra galega *croia* e a palabra gaélico-irlandesa *croí*?

<sup>18</sup> Aquí, un sufixo deverbativo que denota o resultado dunha acción.

<sup>19</sup> En gaélico irlandés moderno, a forma para «matriz» é *broinn*, formada a partir da forma dativa de *brú* en gaélico irlandés antigo.

<sup>20</sup> Cf. Koch (2013), pp. 121, 137.

<sup>21</sup> Tamén hai unha forma masculina, *croio*, empregada en galego para describir unha pedra lixeiramente maior, un coio.

Aquí, outra singular información procedente do galego pode axudar a resolver a cuestión. En galego, temos o verbo *croiar*, que significa «suplicar» ou «rogar ferventemente», e descubrimos que o verbo sería traducido ó gaélico irlandés como *rud éigin a iarraidh ón gcroí*, «pedir algo de corazón». Así que parece que en galego se conservou o significado da raíz gaélica *croí* na propia raíz do verbo *croi-ar*. Está claro que o significado do verbo non ten nada que ver co concepto dunha pedra!

Que ocorreu aquí? Como vimos ó comezo da nosa exposición, é moi probable que o vocabulario principal de latín, incluída unha boa parte do que un lingüista consideraría «vocabulario básico», fose introducido entre a poboación celta local polos intrusos romanos, sen ter en conta a súa orixe étnica ou lingüística.

Así e todo, o pobo celta local, incluso mentres empregaba o vocabulario de alta frecuencia dos seus veciños latinos segundo adquiría lentamente a forma local de latín, tendería a chamar a multitude de obxectos cotiáns da súa contorna polos mesmos nomes que usaran os seus devanceiros durante séculos – pola simple forza do hábito.

Así, á vez que usaban un termo derivado do latín para o concepto de «corazón», aparentemente, seguían usando formas da lingua celta local relacionadas coa palabra gaélica *croí* cos seus significados máis periféricos ou metafóricos: para describir o «corazón» dunha froita ou para rogarlle a alguén «de corazón». Posteriormente, as calidades físicas da pedra dunha froita (*croia*) ou unha pedra redonda (*croio*) substituirían o significado anterior que atopamos na frase gaélico-irlandesa *croí toraidh* – pero o verbo galego *croiar* conservaría o significado anterior inequivocamente. Non hai nada de «corazón duro» en implorarlle a alguén!

Pero falando de dureza, os significados actuais de *croia* e *croio* fannos lembrar o adxectivo gaélico-irlandés *crua* – que pode significar «duro fisicamente (como unha pedra)» ou «difícil». En canto ó galego, o adxectivo *cru*, *crua*, significa «cru», pero tamén significa «duro, recio, rigoroso», así que comparte os significados literais e metafóricos do adxectivo gaélico-irlandés *crua*. Parece haber unha interesante rede de significados que conecta todas estas palabras en galego e en gaélico irlandés, pero é difícil dicir moito máis neste momento.

Falando do concepto de «cruenza», en lituano hai un interesante adxectivo: *kraujas*, que significa «sanguento». Aínda que a raíz desta palabra, *krauj-*, parece estar relacionada na súa forma fonética e no seu significado con *croia* e con *croí* en gaélico irlandés, a verdade é que está relacionada cunha raíz gaélico-irlandesa diferente: *cró* «sangue», «cruor» (sangue vertido), como vemos na etimoloxía da palabra gaélico-escocesa *crò* aportada por Alexander MacBain.<sup>22</sup> Isto salienta a importancia de comprobar as etimoloxías de posibles cognados ó longo do espectro de formas cognadas indoeuropeas.

De tódolos xeitos, o substantivo gaélico *cró/crò* («sangue, cruor»), está, de feito, relacionado etimoloxicamente co adxectivo galego *cru*, *crua* «cru» (cf. o adxectivo castelán *crudo*, *cruda* e o substantivo latín *cruor*.) Observemos novamente a proximidade fonética das formas gaélicas e galegas.

Resumindo, aínda que non poidamos aportar respostas definitivas ás preguntas que xorden das aparentes pautas que observamos nos datos, polo menos, podemos recoller os datos, examinalos desde diferentes perspectivas e sopesar con coidado a evidencia existente ata que novos datos estean dispoñibles. Está claro que non fai dano recadar unha gran masa de datos, sempre que se escudriñen coidadosamente.

---

<sup>22</sup> Cf. MacBain (1896/1982), *crò*.

## III

**Buscando topónimos: nomes de lugar en California**

Despois de mirarmos nomes de cousas, pasemos a outro tipo de nomes. De nomes comúns podemos pasar agora a nomes propios, nomes de individuos, tanto nomes propios como apelidos; nomes de grupos étnicos (etnónimos; e nomes de lugar-topónimos). Todos eles poden ser explorados abundantemente en Galicia, pero ata agora, de todas estas categorías, o *Proxecto Gaelaico* centrouse nos topónimos actuais da paisaxe galega, polo que imos limitar a nosa discusión a esa área.

Tratar cos topónimos dunha rexión pode resultar complexo cando varias ondadadas de intrusos conquistaron a zona sucesivamente, falando cada onda de intrusos unha lingua de seu. Na zona onde me criei no norte de California, preto de San José, había, como mínimo, tres capas principais de topónimos. A capa máis profunda era a dos topónimos indíxenas, característicos, sobre todo, de lugares pequenos en zonas remotas e de características topográficas como os cumes das montañas e os importantes estreitos das zonas de ribeira. Hoxe, estes topónimos indíxenas non son prominentes nos mapas, pero moitos deles aínda existen – se sabemos onde buscalos.

A segunda capa é a dos topónimos casteláns da época da administración española, que, estarricándose cara ó norte desde México, estendeu unha cadea de asentamentos misioneiros estre os grupos étnicos indíxenas ata chegar á zona da baía de San Francisco. Aínda que este período de administración só durou medio século aproximadamente, sentou as bases para toda unha rede de vilas baseadas nos asentamentos das misións, xeralmente bautizadas co nome do santo patrón de cada unha das misións, que posteriormente formou o núcleo de grandes cidades de California – San José, San Francisco, Santa Cruz, Santa Bárbara, Los Ángeles, etcétera.

Algúns dos topónimos casteláns non estaban relacionados cos asentamentos das misións, senón que describían características locais: Los Gatos, na entrada das montañas de Santa Cruz, fai referencia ós pumas que abondaban naquelas montañas, mentres que Fresno fai referencia a un freixo que orixinariamente sinalaba a misión española.

Unha vila pequena situada na beira sur da Baía de San Francisco próxima a San José coñécese como Milpitas. De feito, este topónimo está baseado na palabra nahuatl *milpa*, que significa «lugar de cultivo», co sufixo diminutivo plural castelán *-itas* engadido. Está claro que na rexión non se falaba nahuatl, pero indica que os colonos castelánfalantes viñeran de México, onde unha gran parte do vocabulario nahuatl estaba presente no seu castelán local.

A terceira capa de topónimos representa a onda de colonos «ingleses» e os seus sucesores que se fixeron con todo o suroeste dos Estados Unidos despois de quedarse coa metade de México durante a guerra de Estados Unidos – México. Esta capa representa unha confusa variedade de topónimos cuxa orixe non inglesa adoita estar escurecida pola anglicanización. Por exemplo, a pequena vila de Campbell leva o nome dun colono que probablemente tiña devanceiros escoceses, xa que o seu apelido é o epíteto dun clan escocés prominente: *cam-beul*, «boca torta».

Parece que a pequena vila de Menlo Park leva o nome dun suburbio da cidade irlandesa de Galway. En gaélico irlandés, o topónimo é *Mionloch*, «o lago pequeno». E a próxima e pequena comunidade de Saratoga leva o nome dunha vila do norte do estado de Nova

York. De feito, é un topónimo indíxena, pero procede dunha das comunidades indíxenas da zona rural do estado de Nova York, 5.000 quilómetros ó leste.

### **Topónimos en áreas colonizadas hai tempo e en áreas demográficas estables**

Claro que, normalmente, tratar coa toponimia é moito máis sinxelo. Se a poboación actual da rexión representa, basicamente, os descendentes dos pobos que primeiro habitaron a rexión hai miles de anos, sen intrusionés demográficas a grande escala en séculos posteriores, a tarefa de investigar os topónimos da zona pode presentar relativamente poucos problemas. As persoas das zonas rurais, ó contrario das persoas das vilas e cidades, representan tipicamente a poboación do pasado.

A miúdo é extraordinario o que os campesiños recordan do pasado. Un arqueólogo sueco estaba investigando os dolmens dunha zona da Suecia rural. O seu equipo quería escavar un dolmen situado nas terras dunha granxa local, así que foi onda o granxeiro para pedirlle permiso para escavar. Antes de escavar, preguntoulle ó granxeiro se sabía algo sobre o dolmen que estaba nas súas terras. O granxeiro díxolle que había un cabalo e un xinete enterrados debaixo do dolmen.

O equipo arqueolóxico comezou a escavación e, descubriu os ósos dun cabalo e dun xinete. Pero o que sorprendeu o arqueólogo foi que os ósos non eran os dun cabaleiro medieval e o seu cabalo, nin os dun xinete viquingo, ou nin sequera os dun xinete da Idade de Ferro. Os ósos eran os dun xinete da Idade de Bronce e do seu cabalo! Noutras palabras, parece que o granxeiro conservaba o recordo dun enterramento nas terras da súa familia que tivera lugar 3.000 anos antes, se cadra!

Pode haber outras explicacións para o «afortunado acerto» do granxeiro, pero na opinión do arqueólogo sueco, era unha proba clara da supervivencia de recordos de eventos do pasado distante nunha poboación rural que permanecera inalterada, vivindo na localidade dos seus devanceiros. Creo que isto ten claras implicacións para a investigación de topónimos na Galicia rural.

Os gaeles sempre lle deron unha grande importancia ó que eles chaman *dinnseanchas* – o coñecemento dos topónimos. En Irlanda, algúns topónimos datan de miles de anos e teñen capas de seu nas que un topónimo desbanca outro. Podemos aprender moito de como lles puxeron nome os irlandeses ós seus lugares prominentes, xa que estas prácticas dos gaeles en Irlanda poden reflectir de maneira fiable o sistema de creación de topónimos da poboación celta de Galicia.

Recentemente houbo un programa semanal de televisión en gaélico irlandés chamado *Logainm* («Topónimo») de 26 episodios nos que expertos en toponimia falaban de topónimos de diferentes tipos e da súa distribución en Irlanda. Tamén hai un libro titulado *Ó Lyon go Dún Lúiche: Logainmneacha san Oidhreacht Cheilteach (Desde Lyons a Dún Lúiche: Topónimos da Herdanza Celta)*. É un manual escrito en gaélico irlandés nun estilo popular por un experto en toponimia e nel fala de topónimos celtas por todo o oeste de Europa — incluídos España e Portugal.

De fontes dese tipo aprendemos que os topónimos celtas encaixan en amplas categorías, e os seus elementos – incluso o topónimo enteiro – adoitan repetirse en lugares moi espallados ó longo dunha ampla paisaxe. Os topónimos máis antigos tenden a ser nomes de ríos, normalmente con nomes de deusas, ou características topográficas tales como os nomes dos cumios ou cristas de montaña que tamén adoitan ter nomes de deusas.

## Toponimia na Península Ibérica

Na Península Ibérica, os hidrónimos son mencionados decote por escritores gregos e romanos, xa que, normalmente, os ríos serven como importantes rutas de viaxe ou de comunicación, ademais de servir como lindes claras entre grupos étnicos. Por esta razón, a hidronimia da Península Ibérica tal como foi descrita polos autores clásicos ofrece unha boa cantidade de información – lingüística entre outras – sobre cada zona, xunto con etnónimos e topónimos.

De tódolos xeitos, sempre está aí o problema da interpretabilidade dos topónimos, xa que os autores clásicos puideron deformar os sons dos topónimos ó transcribilos, ou puideron interpretar mal o significado dos topónimos ó tratar de explicalos.

Pero neste artigo nos limitaremos en gran medida a versións modernas de topónimos galegos que parecen ter orixe celta para ver que se pode facer con eles.

### O topónimo galego *Sarón*

Comecemos cun exemplo relativamente sinxelo, o topónimo galego *Illa de Ansarón*, ou simplemente *Sarón*. Este topónimo designa un illote escarpado que xorde do mar no concello de Xove, en Lugo. Visto desde un ángulo, polo menos, ten a forma dun nariz humano.

Aínda que o nome, *Sarón*, non signifique nada en galego moderno, ten un equivalente fonético moi próximo nas linguas gaélicas, *srón*, cun significado moi concreto: «nariz». E emprégase na toponimia. Na zona de Argyle e Bute, en Scotland, atopamos unha montaña chamada *An t-Sròn* («O Nariz») debido á súa feitura, e no condado de Cork, en Irlanda, atopamos un lugar similar chamado *An tSrón*.


Pero na frase *An t-Sròn/An tSrón*, «O Nariz», observamos que, tanto en gaélico irlandés como en gaélico escocés, o artigo definido require un lixeiro cambio ó ir anteposto ó substantivo feminino *srón*, de xeito que o son [t] aparece de súpeto, e o son [s] seguinte, malia escribirse, desaparece. E agora podemos preguntar, «Se a forma *Ansarón* realmente significa «O Nariz» en galego, por que desapareceu o [t] e por que se conservou o [s] como na forma base *sròn/srón*? Por que non é a forma galega moderna \**Antrón* en lugar de *Ansarón*?

Hai dúas explicacións plausibles para isto. Unha é que, segundo a lingua celta de Galicia cedía gradualmente ante a forma local de latín, as derradeiras xeracións de falantes da lingua celta foron negligentes coa gramática da súa lingua ancestral ó se converter predominantemente en falantes do dialecto local de latín. Isto ocorre frecuentemente nas chamadas «linguas moribundas».

No dialecto de gaélico escocés falado en East Sutherland, en Escocia<sup>23</sup>, os derradeiros falantes do dialecto local están simplificando a gramática da súa lingua ancestral ó cambiar ó inglés como lingua predominante. Neste tipo de situacións, o xénero gramatical dos substantivos pódese conservar de maneira imperfecta, e así, os falantes dirían *An Srón*, como se fose un substantivo masculino, en lugar de *An t-Sròn*.

A outra explicación consiste en que os substantivos poden cambiar de xénero segundo xorden diferentes dialectos dunha lingua co paso do tempo. Un exemplo é o substantivo feminino *áit* («lugar») en gaélico irlandés, que se converteu no substantivo masculino

<sup>23</sup> Cf. Dorian (1978) e Dorian (1981).



*Ansarón (Galicia) e An t-Sròn (Escocia).*

àite en gaélico escocés. Como resultado, para a frase «o lugar», temos *an àit* en gaélico irlandés, pero *an t-àite* en gaélico escocés. Como o substantivo *sròn* ten a forma normal dun substantivo masculino, non debería sorprendernos que os falantes da lingua celta local reinterpretasen o nome como un substantivo masculino, producindo *An Sròn*.

De calquera maneira, o resultado, co paso do tempo, en Galicia sería *An Sròn* (*Ansarón*). No caso de *Sròn* (*Sarón*) sen o artigo definido, non habería problema ningún.

### **O topónimo galego *Autares***

O noso segundo exemplo é o topónimo galego *Autares*, como no lugar de *Santa María de Autares*, situado na crista dunha montaña moi escarpada que discorre ó longo do río Valcarce, preto dos asentamentos de Trabadelo e Ambasmestas. Ó longo da crista hai tres fortificacións antigas coñecidas localmente como «os castros», «os fortes» e «Aldares», que testemuñan a antiga ocupación do lugar.

A primeira mención do lugar parece estar no *Itinerario de Antonino*, composto, se cadra, a comezos do século III d.C baixo a autoridade imperial romana. No *Itinerario*, o lugar é chamado *Uttaris*. Temos referencias posteriores ó lugar nos séculos XI e XII, onde o chaman *Autares* e *Outares*, respectivamente.

É posible considerar o topónimo como derivado do adxectivo latino *altus*, que significa «alto», con ditongación da primeira sílaba e subseguinte elisión do [I]. Así e todo, aínda que este cambio sonoro ocorreu polo menos nunha lingua romance occidental — e.g., francés *haut* < *altus*, parece que non ocorreu nas lingua ibero-romances. A forma fonética do topónimo moderno *Aldares*, mencionada anteriormente, suxire isto, así como os adxectivos *alto/alta* tanto en galego como en castelán, que non mostran o proposto cambio sonoro.

Onde si atopamos a ditongación e a elisión dunha consonante nun contexto fonético semellante é na palabra galega *auto*, pero isto é o resultado dun distinto cambio sonoro: latín *actus* «documento» > galego *auto*. Volveremos a este cambio sonoro concreto dentro dun momento.

Busquemos agora noutra dirección un posible significado para o topónimo *Uttaris/Autares/Outares*. Se buscamos no *Foclóir Gaeilge Béarla* un termo en gaélico irlandés moderno que poida estar relacionado co concepto dun «lugar alto», encontramos o



substantivo *uachtar*, «cumio, parte máis alta». Así, temos as frases *uachtar an tsléibhe* «a parte máis alta da montaña», e *Cuir na caoirigh ar na huachtair*, «Leva as ovelas ás terras [máis] altas» (coa forma plural do substantivo).

Se agora comprobamos en *eDIL* as formas en gaélico irlandés antigo, descubrimos que ademais da forma *uachtar*, tamén existiu unha forma anterior cunha soa vogal longa ó- en lugar do diptongo *ua-* na primeira sílaba: *óchtar*.

E se retrocedemos un paso máis ata unha etapa anterior da lingua, atopamos a forma reconstruída *\*ouktero*<sup>24</sup> no *dicionario etimolóxico* de MacBain, aínda que non está claro se MacBain presenta unha hipotética forma protocelta ou unha forma máis antiga. Así e todo, podemos supoñer que unha vez que evolucionou o gaélico irlandés antigo, a consonante velar [k] do grupo [kt] xa se convertera en [x] por lenición, de aí *óchtar/uachtair*.

Este foi un cambio sonoro normal nas linguas gaélicas, como podemos ver na evolución da forma fonética da palabra «oito»: Indoeuropeo *\*ok'tôu* > gaélico irlandés *ocht*.

Claro que se examinamos a mesma palabra na lingua italiana, veremos que a descendente directa do latín evolucionou nunha dirección diferente. En italiano, perdeu a consonante velar e duplicou a consonante seguinte para compensar a perda da consonante velar: Latín *octo* > Italiano *otto*. Este cambio sonoro é absolutamente normal en italiano. Fíxémonos, por exemplo, que en latín *éfactus* pero en italiano *éfatto*.

Volvamos agora a *Autares/Outares*, ó que os romanos chamaban *Uttaris*. Supoñamos que o pobo celta local o chamaba algo cun son semellante á da forma protocelta *\*ouktero* mencionada anteriormente.<sup>25</sup> Probablemente sería algo como *\*Óuktari*, similar á probable forma plural *\*óchtari* en gaélico irlandés primitivo (> gaélico irlandés antigo *óchtair; uachtair*), co significado de «os altos».

Dando por feito que nas lexións romanas locais había unha boa cantidade de soldados italianos, é posible que xa comezasen a empurrar o latín clásico na dirección do latín vulgar e do italiano, pronunciando o topónimo local *Óuktari* como algo parecido a *Óttari* ou *Úttari*, coa perda da consonante velar e a xeminación da consonante seguinte como compensación pola perda.

Entrementres, os habitantes locais continuarían pronunciando o topónimo dun xeito semellante ó do seus devanceiros, cun ditongo na primeira sílaba. E pronunciarían as palabras latinas con formas fonéticas semellantes da mesma maneira. Polo tanto, non só se convertería *Óuktari/Úttaris* en *Outares/Autares*, senón que substantivos comúns cunha forma fonética semellante sufrirían un desenvolvemento semellante. Deste xeito, por exemplo, a palabra latina *actus* se convertería na palabra galega *auto*. Mentres, os lexionarios italianos seguirían levando a palabra latina *actus* nunha dirección diferente – a de *atto*, todo dun xeito perfectamente regular.

Finalmente, o acento de *Outares/Autares* pasaría co tempo á penúltima sílaba, que é a pauta de acentuación normal nas palabras das linguas ibero-romances.

E así, hoxe non nos sorprendería encontrar o substantivo común *outeiro*, para designar unha cuíña ou un lugar elevado, cunha forma fonética moi similar á do topónimo, incluíndo

<sup>24</sup> Cf. MacBain (1896/1982), *uachdar*.

<sup>25</sup> O ditongo da primeira sílaba debe ser vello, xa que o atopamos no adxectivo lituano *aukštas*, «alto». En canto ó [š] intrusivo, véxase a forma superlativa xermánica *höchstes*, «o máis alto».





*Moruxo (Galicia) e Moruisg (Mòr-Uisge, Escocia).*

o ditongo e unha pauta de acentuación semellante. Aínda que parece ser unha palabra normal do vocabulario romance cun sufixo romance típico, se lembramos a forma protocelta \**ouktero-*, agora podemos sospeitar que o substantivo *outeiro* ten a mesma orixe celta có topónimo que vimos de analizar.

### O topónimo galego *Moruxo*

Poderíamos dicir moito máis sobre outros topónimos dos arredores deste lugar, pero pasemos ó exemplo toponímico final, *Moruxo*, e a outros similares cos sufixos *-uxo*, *-uxa* e *-uxe*.

*Moruxo* é o nome dunha parroquia do concello de Bergondo en Galicia. Esta situada a pouca distancia do lugar no que se xuntan os ríos Mendo e Mandeo para despois fluír durante oito quilómetros a través de marismas e xunqueiras ata desembocar no mar no esteiro da Ría de Ares.

Aínda que posiblemente non teñamos nin idea do significado do topónimo *Moruxo*, podemos sospeitar que pode ter algo que ver con ríos ou coa auga en xeral. Observemos agora algúns topónimos gaélicos en Escocia. De feito, ó buscarmos topónimos que conteñan o elemento *uisge* [ʊʃkʲɪ], «auga», atopamos un listado de 12 topónimos, designando ríos ou regatos todos eles.<sup>26</sup>

Con todo, hai un topónimo máis cuxa forma fonética é moi semellante á do topónimo galego *Moruxo*. O Monte *Moruisg*, de case 1,000 metros de altura, está nunha inhóspita paisaxe a carón dun lago. Dise que *Moruisg*, a versión anglicanizada, significa «(masa de) auga grande», e a forma gaélica do topónimo sería *Mòr-Uisge*.<sup>27</sup>

Aínda que é atractivo explicar o topónimo galego *Moruxo* como se orixinalmente significase «(masa de) auga grande» na lingua celta local, que posibilidades hai de que o elemento gaélico *-uisge* [ʊʃkʲɪ] quedase reducido ó elemento galego *-uxo* [ʊʃɔ]? Que causa faría que o fonema /k/ simplemente desaparecese? Ó fin e ó cabo, en galego temos

<sup>26</sup> Hai un décimo terceiro topónimo, *Loch nam Madadh Uisge*, «Lago das Londras», pero o elemento *Uisge* refírese aquí ás londras («cans de auga»), non ó lago.

<sup>27</sup> Esta forma composta, na que o elemento adxectivo precede o substantivo en lugar de seguilo, é unha construción gramatical máis antiga e moi común na toponimia irlandesa.

palabras tales como *mourisco*, «un mouro bautizado», na que o son /k/ non mostra síntomas de desaparecer.

Atopamos a resposta na palabra galega *peixe*, derivada da palabra latina *piscis*. Nesta palabra vemos claramente que o grupo consonántico palatalizado [skʰ] en latín queda reducido a [ʃ] en galego. Isto non debería sorprendernos, xa que é un cambio sonoro estendido por todo o oeste de Europa.

Os italianos produciron *pesce* [peʃe], os franceses produciron *pêche*, e mesmo os seus veciños que falan linguas xermánicas produciron o mesmo cambio; cf. inglés *fish*, holandés *visch* e alemán *Fisch*.<sup>28</sup>

Así e todo, as linguas gaélicas conservaron o /kʰ/ nos grupos palatalizados e máis nos grupos non palatalizados, e dun detallado exame da fonoloxía despréndese que a palatalización do /k/ é a forza impulsora do cambio sonoro de [skʰ] ou [ʃkʰ] a [ʃ].

Observemos a singular forma *iasc* [iask] («peixe») en gaélico irlandés co grupo consonántico non palatalizado [sk], equivalente foneticamente ó sufixo *-sco* da palabra galega *mourisco*. Observemos despois a forma plural *éisc* [e:ʃkʰ] («peixes»), na que o son [s] foi palatalizado pola seguinte consonante palatalizada [kʰ], e, consecuentemente, mesmo a calidade da vogal predecesora foi afectada. De tódolos xeitos, ó contrario das súas veciñas romances e xermánicas, as linguas gaélicas non dan o paso final de elidir o [kʰ].

### O elemento toponímico galego *-uxe*

Contemplando a posibilidade de que o topónimo galego *Moruxo* pode derivar certamente dun topónimo celta moi similar a *Môr-uisge*, sigamos explorando a paisaxe galega para ver se atopamos algún outro topónimo que pareza conter o elemento *uisge*.

De feito, na paisaxe galega abundan os topónimos que parecen conter o elemento *uisge*. Temos *Coruxo*, *A Antuxa*, e polo menos seis topónimos máis que conteñen a variante específica *-uxe*: *Uxes*, *Tuxe*, *Vilouxe*, *Vilaúxe*, *Freituxe*, e *Maguxe*.

Comezando por *Coruxo*, o topónimo podería ser explicado como *coire uisge* «cunca fluvial», como no topónimo escocés *Loch Coire Uisge*, «O Lago da Valgada», xa que *coire* denota unha valgada en gaélico irlandés e escocés, e *Coruxo* está situado nunha amplaunca fluvial.

O topónimo *A Antuxa* significaría simplemente «o río», como no topónimo escocés *An t-Uisge Bàn*, «O Río Branco». Aquí parece que o artigo definido gaélico *an t-* está incluído na forma *Antuxa*, e semella que, posteriormente, se lle engadiu o artigo determinado galego.

Nas dúas formas precedentes se engadiron os sufixos vocálicos romances *-o* e *-a*, pero nos exemplos seguintes, coa variante *-uxe*, non se engadiu sufixo romance ningún.

Comezando cos topónimos *Uxes* e *Tuxe*, *Uxes* podería ser explicado como a forma plural *uisgí* «augas», en referencia ó río que flúe pola parroquia. Canto a *Tuxe*, sería a forma en nominativo singular co artigo definido *An t-Uisge*, «O Río», que xa analizamos anteriormente.

Tanto *Vilouxe* como *Vilaúxe* poden ser interpretados como *Baile (an) Uisge*, «O Asentamento a Carón do Río», substituíndo o termo latino *villa* o seu equivalente gaélico

<sup>28</sup> Malia a enganosa ortografía das linguas escandinavas, os escandinavos realizaron o mesmo cambio sonoro. Así, a palabra danesa e sueca *fisk* pronúnciase da mesma maneira cá palabra inglesa *fish* ou a alemá *Fisch*.



*Río Coruxos (Galicia) e Coir' Uisge (Escocia).*

*baile*, «asentamento», un componente frecuente nos nomes das vilas de Irlanda e de Escocia.

O topónimo *Freituxe*, o nome de, polo menos, dous lugares de Lugo, pode estar relacionado coa palabra gaélica *fraoch* [fr'e:x], «breixeira», xa que o topónimo galego corresponde a lugares con zonas de terras baldías próximas a ríos. En gaélico, o topónimo composto sería *Fraoch-Uisge*. De feito, en gaélico atopamos diversos topónimos que conteñen o elemento *fraoch*; en Irlanda encontramos dous casos de *An Fraoch* («A Breixeira»), e en Escocia atopamos *Fraoch-Bheinn* «Monte de Breixo» e *Mullach Fraoch-Choire* «O Cumio da Valgada de Breixo».

A forma *Fraoch (an) t-Uisge (Freituxe)* sería considerada incorrecta por un gaélicofalante debido á forma do artigo definido en caso xenitivo<sup>29</sup>, pero a forma galega poderíase explicar como unha construción gramaticalmente incorrecta usando a frase nominal nominativa-acusativa *An t-Uisge* como base. Este tipo de anomalías gramaticais serían de esperar mentres a lingua galega foi substituíndo a lingua ou linguas celtas locais.<sup>30</sup>

O derradeiro topónimo que imos mencionar é *Maguxe*, unha zona moi cha pola que discorre o río Sar. En gaélico, o substantivo *magh* denota unha chaira, de xeito que *magh-uisge* podería denotar un río que flúe por unha chaira. En Escocia úsase este termo precisamente para designar un lago que se forma nunha chaira como resultado das abundantes chuvias invernaís.

Tanto en Escocia como en Irlanda, abundan os topónimos que conteñen o elemento *magh*, polo que case non é necesario dar exemplos. *Magh Tuireadh*, («A Chaira dos Píares»), o nome de dous lugares distintos de Connaught onde os míticos Tuatha Dé Danann («tribos da deusa Danu») loitaron contra os seus inimigos, é un dos topónimos máis significativos da narrativa tradicional irlandesa temperá.

<sup>29</sup> *Fraoch an Uisge*, «A Breixeira do Río», sen o *t-*, sería a construción esperada se aparecese o artigo definido entre os dous nomes.

<sup>30</sup> Cf. a discusión anterior sobre *Sarón* e *Ansarón* en referencia a *Sròn/An tSròn*.

## IV

**Guiando a exploración: Desenvolvendo unha teoría e unha Metodoloxía**

Despois de examinarmos en detalle algúns nomes comúns que poden ser de orixe gaélica e algúns topónimos que poden ter unha orixe semellante, volvamos agora ó tema principal – a tarefa de descubrir vocabulario de substrato en Galicia. Podemos concretar unha metodoloxía para descubrir este tipo de material dunha maneira detallada paso a paso? Que teoría nos guiaría no noso traballo? Penso que na exposición precedente respondemos nun alto grao ámbalas dúas preguntas, pero vexamos se podemos refinar máis aínda o argumento.

Cando o meu colega Martín Fernandez-Maceiras fundou o *Proxecto Gaelaico*, recolleu topónimos por toda Galicia e palabras do vocabulario galego que consideraba sobreviventes do substrato celta en Galicia. Non é lingüista, pero é un tradutor cualificado e ten un coñecemento enciclopédico da lingua, da cultura e da historia local de Galicia,

Traballando por instinto, con intelixencia cun profundo coñecemento da paisaxe galega, estivo recadando longas listas de vocábulos atopados na Galicia rural que mostran grandes semellanzas tanto en son como en significado con vocábulos gaélicos de Irlanda e de Escocia.

Participei no *Proxecto Gaelaico* como asesor lingüista, pero ó comezo, cando me mostraba estes vocábulos, era escéptico. Por exemplo, cando me mostrou o topónimo *Moruxo* e suxeriu que a etimoloxía era *Mòr-Uisge*, «(masa de) auga grande», non puideron aceptar esa etimoloxía facilmente. Ó fin e ó cabo, en gaélico irlandés moderno *uisce* denota simplemente a substancia «auga» e non unha «masa de auga».

Pero, de feito, en Escocia existía unha montaña con ese nome precisamente e xustamente con ese significado en inglés, «big water (gran masa de auga)». Ademais, como vimos, en Escocia existen, como mínimo, outros 12 topónimos co elemento *uisge* como parte do nome, e todos denotan ríos ou regatos.

En canto á correspondencia de sons, ese problema tamén está resolto. Por moi improbable que poida parecer que o grupo consonántico palatizado [skʷ] ou [ʃkʷ] na palabra gaélica *uisge* a un só son [ʃ] nos sufixos galegos *-uxe*, *-uxo* e *-uxa*, xustamente ese cambio sonoro tivo lugar no tocante a estes grupos consonánticos palatalizados no vocabulario básico de tódalas principais linguas romances e xermánicas do occidente europeo, como acabamos de ver!

Ante tan cuantiosas evidencias tanto en topónimos gaélicos existentes como nun gran volume de vocabulario básico das linguas modernas do occidente europeo, é difícil resistirse a tales suxestións de conexións en son e en significado entre termos gaélicos específicos e topónimos galegos e palabras básicas do vocabulario galego (como remanentes dunha lingua celta de substrato en Galicia).

Compre mencionar agora o concepto de «comparación en masa», un concepto orixinado polo gran lingüista comparativo Joseph Greenberg, e continuado polo seu alumno Merritt Ruhlen.<sup>31</sup> O concepto empregouse no estudo comparativo de linguas que presuntamente estiveran separadas unhas de outras durante miles de anos de evolución lingüística. A cuestión que había que resolver era a seguinte:

<sup>31</sup> Cf. Ruhlen (1994).

Se dúas linguas mostran semellanzas repetidas tanto en son como en significado entre vocábulos individuais, son estas semellanzas o resultado de pura casualidade? Son o resultado de préstamos de vocabulario dunha lingua a outra, a través de relacións comerciais ou de outras conexións culturais, por exemplo? Ou son o resultado da herdanza dunha lingua ancestral común?

Os lingüistas comparativos usan a técnica de demostrar correspondencias sonoras regulares entre os sons individuais encontrados en vocábulos de dúas linguas distintas para establecer se as semellanzas superficiais entre os vocábulos son resultado da coincidencia, dos préstamos ou dunha xenuína relación xenética entre as dúas linguas. Se as correspondencias sonoras regulares poden demostrarse nun vocábulo tras outro entre as dúas linguas, entón pódese asumir unha relación xenética entre elas.

Pero cando as linguas levan separadas moitos milenios de evolución lingüística, ocorrendo un gran número de cambios sonoros en ámbalas dúas linguas ó longo dese enorme período de tempo, daquela pode resultar difícil descubrir correspondencias sonoras sistemáticas entre as dúas linguas emparentadas xeneticamente. Nese caso, o lingüista pode usar unha «comparación en masa» de vocábulos básicos.

Noutras palabras, se ocorren varias semellanzas nunha sección de vocabulario básico como poden ser as partes do corpo, que non é probable que se deba a préstamos lingüísticos, entón, as probas pódense usar para argumentar unha posible relación xenética entre as dúas linguas. Canto maior sexa o número de vocábulos básicos que mostren semellanza tanto sonora como de significado, máis forte será a proba dunha relación xenética.

Claro que non pretendemos establecer unha relación xenética entre o gaélico e o galego. Pretendemos demostrar unha relación máis indirecta. Dicimos que parece haber unha enorme cantidade de material herdado polo galego da lingua celta local falada polos devanceiros dos galegos e que a forma da lingua galega – especialmente o seu sistema verbal – foi afectada profundamente pola devandita lingua celta ancestral.<sup>32</sup>

Interézanos identificar ese material de substrato sempre que sexa posible. Pero afortunadamente hai unha enorme cantidade de material para investigar – quizais unha cantidade infinita – e, desde a perspectiva da «comparación en masa», a cantidade conta tanto como a calidade, entendido aquí dunha maneira diferente.

### **A Importancia da Evidencia das Linguas Vivas**

Nun artigo anterior dixen que toda lingua viva ten un ADN de seu. E ó intentarmos resolver cuestións da prehistoria, é moito máis fácil extraer ADN dunha poboación viva cuxos devanceiros viviron na zona durante miles de anos que de esqueletos que levan miles de anos nos cemiterios. Polo tanto, normalmente, preferimos confiar na evidencia lingüística extraída de linguas gaélicas modernas e de dialectos galegos modernos e non en inscricións ou anacos de textos conservados en outras fontes antigas, e atopamos abondosas evidencias.

Naturalmente, a lingua galega sufriu cambios sonoros desde que foi introducida como unha forma local de latín e, a miúdo, é difícil especificar as correspondencias sonoras precisas entre palabras galegas e palabras gaélicas. As palabras gaélicas tamén evolucionaron foneticamente desde os tempos do protoindoeuropeo, aínda que quizais menos cás palabras galegas desde os tempos do latín clásico.

---

<sup>32</sup> Cf. Duran (2014).



Pero, como vimos, eses cambios sonoros, tanto en gaélico como en galego, son decote compartidos con outras linguas continentais. Do indoeuropeo *\*ok'tou*, «oito», temos *ocht* en gaélico irlandés e *acht* alemán, con lenición idéntica da consonante velar e perda da sílaba final. Os italianos produciron *otto*, con elisión da consonante velar e xeminación da consonante seguinte, mentres que os galegos produciron *oito*, elidindo tamén a consonante velar, pero en lugar de xeminar a consonante seguinte, crearon un ditongo na vogal da sílaba tónica. Os franceses crearon un ditongo similar no seu equivalente *huit*, Pero, igual cós gaeles e os alemáns, perderon a sílaba final.

Non vemos cambios esporádicos en ningún destes cambios sonoros. Vemos cambios sonoros moi regulares explicables por diferentes contextos fonéticos. Isto facilita moito a tarefa de relacionar vocábulos entre linguas. E fai moito máis convincentes os noso argumentos das conexións históricas entre linguas.

Antes comentei que a poboación de Galicia ten todo o aspecto de ser unha poboación estable asentada hai moito tempo. Se é así, a transición da lingua celta local á forma de latín local debeu ser relativamente sinxela. Tamén comentei antes que supoño que houbo un período de bilingüismo relativamente longo mentres o galego suplantaba a lingua celta local na Galicia rural. Nesas circunstancias, supoño tamén que a lingua celta local sufriría certa simplificación gramática e fonolóxica por parte das derradeiras xeracións de falantes da lingua celta local.

Tamén dixen antes que parecía haber exemplos do que un gaélicofalante consideraría «gramática incorrecta» nalgúns topónimos como *Ansarón* (*\*An Sròn*) e *Freituxe* (*\*Fraoch (an) t-Uisge*). Pero ese tipo de «mala gramática» no uso do xénero gramatical e do caso gramatical, respectivamente, é o que esperaríase oírse de boca dos derradeiros falantes dunha lingua celta nunha comunidade bilingüe.<sup>33</sup>

Volvamos agora á comunidade rural de México onde a xeración máis vella aínda falaba nahuatl. Resulta que dous lingüistas antropólogos viñeron á vila o verán seguinte e, en anos posteriores, fixeron un estudo sociolingüístico de toda unha cadea de comunidades de falantes de nahuatl nas zonas circundantes dos estados de Tlaxcala e Puebla.<sup>34</sup>

A situación sociolingüística desas zonas é moi semellante á descrita por Nancy Dorian para o gaélico de East Sutherland. Observamos moitos cambios no nahuatl local baixo a presión de constante bilingüismo en castelán.

Lembro que cando as persoas da localidade pronunciaban unha palabra como *sacatl*, «herba», convertían o *-tl*, un fonema complexo de difícil pronunciación para os castelán falantes, nunha oclusiva glotal — *saca'* [saka?]. É posible que fose unha antiga característica dialectal, anterior á conquista española, pero tamén é posible que fose unha simplificación posterior da fonoloxía da fala das persoas bilingües baixo a presión do castelán.

Así e todo, se ese fonema estivese ó comezo ou no medio dunha palabra, ese son pronunciárase sen cambio ningún, como na palabra *tlaca'* [tlaka?] (< *tlacatl*, «ser humano»). Claro que parece que a algúns individuos bilingües lles custaba traballo producir ese son, e nesos contextos substituíano polo grupo consonántico castelán *cl-*, e.g., *claca'* [klaka?].

<sup>33</sup> Cf. Dorian (1981), especialmente o capítulo 4.

<sup>34</sup> Cf. Hill e Hill (1986).

Os castelán falantes orixinais procedentes de España empregaban o sufixo *-te* para substituír o difícil son *-tl* ó final das palabras, e por iso temos formas como *tomate*, *chocolate* e *coyote* en lugar de *tómatl*, *chocólatl* e *cóyotl* – ou mesmo *tóma'*, *chocóla'* e *cóyo'*, con oclusión glotal no seu lugar.

Observemos que este proceso de adaptación das formas fonéticas de palabras nahuatl ó sistema sonoro do castelán comezou inmediatamente despois da chegada dos españois, quen non tendo fluidez en nahuatl e dependendo de tradutores, tivérono que facer o mellor posible. Con todo, os seus fillos bilingües atopáronse nunha situación moi diferente. Pero foi a través dos conquistadores estranxeiros, e non por medio da poboación bilingüe de México, como chegaron estas palabras ás outras linguas europeas.

En Galicia, emporiso, o peso demográfico da poboación celta local tiña que ser grande, polo que poderíamos esperar unha aproximación moito maior do vocabulario do latín local ó sistema sonoro da lingua celta local. Como nas comunidades locais de todo o mundo, a non ser que os nenos locais xoguen con nenos que sexan falantes nativos da lingua entrante, a súa forma local da lingua entrante reflectirá unha gran parte da fonoloxía da súa lingua ancestral. Así, sería lóxico agardar que a fala das xeracións posteriores da Galicia rural continuasen reflectindo a lingua ancestral en moitos aspectos, tanto no son como no significado.

Por todas estas razóns, podemos esperar encontrar grandes cantidades de vocabulario celta acochado no vocabulario galego local e, tendo unha idea das correspondencias sonoras entre vocábulos gaélicos e vocábulos galegos e máis os cambios sonoros que ocorrerían máis recentemente en ámbalas dúas linguas, temos boas perspectivas de atopar ese vocabulario de substrato. Como vimos nos exemplos que aquí aportamos, non nos enfrontamos a un caos lingüístico, senón a procesos de cambio de lingua compartidos por poboacións de toda a fachada atlántica, tan ó norte como Escandinavia.

Só necesitamos equiparnos debidamente para a tarefa. En próximas edicións do *Anuario Brigantino*, Martín e eu agardamos presentar unha gran parte máis da evidencia lingüística que conecta Galicia coas áreas gaélicas do norte. En todo este esforzo, Martín e o seu *Proxecto Gaelaico* abriron o camiño, explorando a paisaxe dunha maneira nova. Eu fun o Sancho Panza da súa aventura exploratoria, criticando continuamente a iniciativa desde a perspectiva do lingüista profesional e asumindo o papel de «Tomé, o escéptico» deste proxecto. A ver que descubrimos!



REFERENCIAS

- Alberro, Manuel e Jordán Cólera, Carlos (2008): *Os Celtas da Península Ibérica*. Noia, A Coruña: Editorial Toxosoutos, Serie Keltia.
- Byrne, F.J. (2005): The Viking Age (En Ó Cróinín, 2005, pp. 609-634)
- Beekes, Robert S.P. (1995). *Comparative Indo-European Linguistics: An Introduction*. Amsterdam: John Benjamins Publishing Co.
- Buck, Carl Darling (1949): *A Dictionary of Selected Synonyms in the Principal Indo-European Languages*. London: University of Chicago Press, Ltd.
- César, Xulio. *De Bello Gallico*.
- Cunliffe, Barry (2001): *Facing the Ocean: The Atlantic and its Peoples, 8000 BC-AD 1500*. Oxford: Oxford University Press.
- Cunliffe, Barry e John Koch (eds.) (2012): *Celtic from the West: Alternative Perspectives from Archaeology, Genetics, Language and Literature*. Oxford: Oxbow Books.
- De Bhaldraithe, Tomás (1959): *English-Irish Dictionary*. Dublin: Oifig an tSoláthair.
- De Bhaldraithe, Tomás (1981): *Innéacs Nua-Ghaeilge don Dictionary of the Irish Language*. Dublin: Acadamh Ríoga na hÉireann.
- De Vries, Ranke (2013): *A Student's Companion to Old Irish Grammar*. (Non hai detalles da publicación.)
- Dorian, Nancy (1978): *East Sutherland Gaelic: The Dialect of the Brora, Golspie and Embro Fishing Communities*. Dublin: Dublin Institute of Advanced Studies.
- Dorian, Nancy (1981): *Language Death: The Life Cycle of a Scottish Gaelic Dialect*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press.
- Duran, James/Séamas Ó Direáin (2014): Conexións lingüísticas entre as Illas Británicas e a Península Ibérica: Unha perspectiva nova para unha pregunta vella. *Anuario Brigantino*, 37, 2014, pp. 53-91.
- Dwelly, Edward (1911/1977): *Illustrated Gaelic-English Dictionary*. Glasgow: Gairm Publications.
- Hill, Jane H. e Kenneth C. (1986): *Speaking Mexicano: Dynamics of Syncretic Language in Central Mexico*. Tucson: The University of Arizona Press.
- Isaac, Graham (2007): Celtic and Afro-Asiatic. (En Tristram, 2008, pp. 25-80)
- Isaac, Graham (2012): The Origins of the Celtic Languages: Language Spread from East to West. (En Cunliffe e Koch, 2012, pp. 153-167.)
- Keating, Geoffrey. *Foras Feasa ar Éirinn*.
- Kelly, Fergus (1988). *A Guide to Early Irish Law*. Dublin: Dublin Institute for Advanced Studies.
- Kelly, Fergus (1998): *Early Irish Farming*. Dublin: Dublin Institute for Advanced Studies.
- Koch, John T., e John Carey (eds.) (2000). *The Celtic Heroic Age: Literary Sources for Ancient Celtic Europe & Early Ireland and Wales*. Aberystwyth: Celtic Studies Publications. (Terceira edición, con correccións.)
- Koch, John T. (2013): Out of the Ebb and Flow of the European Bronze Age: Heroes, Tartessos and Celtic. (En Koch e Cunliffe, 2013, pp. 101-146.)
- Koch, John T., e Barry Cunliffe (eds.) (2013): *Celtic from the West 2: Rethinking the Bronze Age and the Arrival of Indo-European in Atlantic Europe*. Oxford e Oakville: Oxbow Books.

- MacBain, Alexander (1896/1982): *An Etymological Dictionary of the Gaelic Language*. Glasgow: Gairm Publications.
- Malcolm MacLennan (1925/1982): *A Pronouncing and Etymological Dictionary of the Gaelic Language: Gaelic-English/English-Gaelic*. Aberdeen: University Press.
- Matasovic, R. (2008): Insular Celtic as a Language Area. (En Tristram, 2008, pp. 93-112.)
- Ó Cróinín, Dáibhí (ed.) (2005): *A New History of Ireland 1: Prehistoric and Early Ireland*. Oxford: Oxford University Press.
- Ó Dónaill, Niall (ed.) (1977/1998): *Foclóir Gaeilge-Béarla*. Dublin: An Gúm.
- Ó Maolfabhail, Art (2005): *Ó Lyon go Dún Lúiche: Logainmneacha san Oidhreacht Cheilteach (Desde Lyons a Dún Lúiche: Topónimos da Herdanza Celta)*. Dublin: Clódhanna Teoranta.
- Oppenheimer, Stephen (2007): *The Origins of the British*. London: Robinson.
- Ruhlen, Merritt (1994). *The Origin of Language. Tracing the Evolution of the Mother Tongue*. New York: John Wiley & Sons.
- Sarmiento, Martín (1746-1770) (ed. de J.L. Pensado Tomé, 1970): *Colección de voces y frases de la lengua gallega*. Salamanca: U. de Salamanca.
- Sykes, Bryan (2007): *Saxons, Vikings and Celts: the Genetic Roots of Britain and Ireland*. London: W.W. Norton & Co.
- Thurneysen, Rudolf (revisado e aumentado, traducido por D.A. Binchy and Osborn Bergin) (1946/1993): *A Grammar of Old Irish*. Dublin: School of Celtic Studies, Dublin Institute of Advanced Studies.
- Tristram, H.L.C. (2008): (ed.) *The Celtic Languages in Contact*. Potsdam: Potsdam University Press.
- Walter, Henriette (1988): *Le Français dans tous les sens*. Paris: Éditions Robert Laffont.
- Wodtko, Dagmar (2013): Models of Language Spread and Language Development in Prehistoric Europe. (En Koch e Cunliffe, 2013, pp. 185-206.)

#### FONTES ELECTRÓNICAS DE INFORMACIÓN

*Am Faclair Beag*

<http://www.faclair.info>

An Etymological Dictionary of the Gaelic Language

<http://www2.smo.uhi.ac.uk/gaidhlig/faclair/macbain/macbain.txt>

*Dicionario da Real Academia Galega*

<http://academia.gal/dicionario#inicio.do>

Electronic Dictionary of the Irish Language (eDIL)

<http://edil.qub.ac.uk>

*Logainm* («Topónimo»)

<http://www.tg4.ie/ga/clair/logainm/>

*RILG (Recursos Integrados da Lingua Galega)*,

<http://sli.uvigo.es/RILG/>

Teanglann: Irish Dictionary and Language Library

<http://www.teanglann.ie/en/>

*Estela galaico-romana de Crecente. Representa unha familia «céltica supertamárica», da parte alta do río Tamaris (Tambre). Museo Provincial de Lugo. Foto: Alfredo Erias.*

